

**PARADA 06**  
**A APÓCEMA DA POESÍA**  
**CAMPO DA FEIRA**

## A APÓCEMA DA POESÍA. PASO A PASO

1. COLOCAMOS OS CORDEIS COA INSPIRACIÓN EN LUGARES PRÓXIMOS ENTRE SI
2. **PRESENTACIÓN** XUNTO AO POEMA DE HERBA PEQUERRECHIÑA
3. DIVIDIMOS EN DOUS GRUPOS E CADA GUÍA LEVA UN, SE SON POUCOS FANNO XUNTOS
4. **EXPLICACIÓN** E REALIZACIÓN DO XOGO PARA CHEGAR AOS CORDEIS
5. A ORDE DOS XOGOS É: ARRINCAR CEBOLAS / A CEGAS / TAXI
6. FACEMOS A **CONCLUSIÓN** E PEDÍMOSLLES QUE ESCRIBAN UN VERSO
7. FACEMOS UNHA FOTO DE GRUPO E DESPEDÍMOLOS

# A APÓCEMA DA POESÍA. PRESENTACIÓN

Este é o Campo da Feira de Guitiriz. Díaz Castro viviu nun piso nesta rúa e pasaba moito tempo neste parque. Esta escultura é unha homenaxe ó seu poema Esmeralda: «**Herba pequerrechiña, que con medo surrís, o sol que vai nacendo e morrendo sen ti...»**»

Parece un haiku, verdade? Os haikus son poemas xaponeses de verso libre e inspirados na natureza. E a vós? Que vos inspira? Imos descubri-lo. Nos cordeis que vedes hai inspiración para o voso propio haiku.

Pero tedes que chegar a ela, e como? Avanzando en equipo. Antes de nada dividímonos en dous grupos para que sexa máis fácil. Dun lado os nacidos antes de San Xoán (24 de Xuño) e do outro, os que naceron despois.

Agora cada grupo queda cun guía e explicarémovos a maneira de chegar. O primeiro xogo facémolo xuntos

## MATERIAIS NECESARIOS:

- Cordeis
- Pinzas grandes para suxeitalos
- Tarxetas de inspiración

## NOTAS DA ACTIVIDADE:

- Os cordeis deben colocarse antes da chegada dos grupos en sitios visibles
- Os guías repartiranse previamente en que orde mandan os seus respectivos grupos a cada cordel.
- Ao inicio, reunimos o grupo para a introdución diante do monumento ao poema de *Herba pequerrechiña*.
- As actividdaes poden facerse en dous grupos ou nun so.

## A APÓCEMA DA POESÍA. XOGOS.

1. **Arrincar cebolas.** O máis difícil para un escritor é comezar. Así que imos facelo aínda que custe. Sentádevos no chan en fila agarrados pola cintura. Os máis altos detrás. Un queda arriba. Agora tes que arrincar a inspiración tirando polos pulsos. O resto tratades de evitar que o suba. Se vos levantan sumades esforzos cos arrincadores. Cando esteades todos arriba podedes pasar de xogo.
2. **A cegas.** Os escritores van a cegas, non saben a onde chegará a historia. Nós imos facer o mesmo para chegar ao cordel. Imos en fila cos ollos pechados. O único que os leva abertos é o último, que dará instrucións. Un golpe nos dous ombros significa avanzar. Dous golpes, parar. Un golpe no ombro dereito é virar á dereita; no esquerdo virar á esquerda. Hai que ser rápidos para que a mensaxe chegue rápido adiante. Pechade os ollos e avanti! Ao chegar, collede unha inspiración.
3. **Taxi.** Para escribir tamén podemos deixarnos levar. E iso imos facer. Para chegar ao seguinte cordel un grita “taxi!” E será levado en volandas dous metros polo grupo que avanzará moi xunto. En canto outro grite taxi soltamos a ese con coidado e levantamos ao outro. E así ata que todos pasen polo taxi e chegedes ata o cordel. Cando chegedes escollede unha inspiración.

## A APÓCEMA DA POESÍA. CONCLUSIÓN.

*(Sentámolos no centro cando rematan)* As frases que tedes colgadas das vosas camisetas son a vosa apócema para escribir, a vosa inspiración. Así que coa enerxía do xogo e esas ideas, **escribide o voso haiku no pasaporte.**

Os haikus son tres versos curtos, habitualmente de 5-7-5 sílabas. Cando os teñades lémolos en alto.

*(Se non é a última parada)*

Ese haiku será a proba do voso paso pola Fábrica de Poetas, agora podedes continuar á seguinte parada.

*(Se é a última parada)*

Ese haiku e ese pasaporte é o recordo do voso paso pola Fábrica de Poetas, agardamos que desfrutarades a visita. Os voso profesorado leva un roscó para que fagades no camiño e volta a ver cantas letras acertades.

Volvede pronto!